

REGULAMENTO DO REXIME INTERNO



CAPITULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto do Regulamento de Réxime Interno

O presente Regulamento de Réxime Interno ten por obxecto desenvolver e complementar o establecido nos Estatutos da Asociación Peña AR-VI de Árbitros de Fútbol de Vigo, regulando o seu funcionamento interno, a organización das actividades e as relacións entre as persoas asociadas.

Artigo 2. Carácter e natureza

- (1) O presente Regulamento ten carácter obrigatorio para todas as persoas asociadas desde o momento da súa aprobación pola Asemblea Xeral.
- (2) En caso de contradición entre o presente Regulamento e os Estatutos, prevalecerá o disposto nos Estatutos.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

- (1) O presente Regulamento será de aplicación a todas as persoas asociadas, así como ás actividades, actuacións e relacións desenvolvidas no ámbito da Asociación.
- (2) Así mesmo, poderá aplicarse ás condutas realizadas fóra do ámbito da Asociación cando, de forma directa e grave, prexudiquen a súa imaxe, reputación ou funcionamento, nos supostos previstos no réxime disciplinario.

Artigo 4. Interpretación e desenvolvemento

- (1) Corresponde á Xunta Directiva a interpretación do presente Regulamento, así como a súa aplicación nos casos non previstos.
- (2) A Xunta Directiva poderá ditar as normas internas ou instrucións necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación.

Artigo 5. Tempada asociativa

- (1) A actividade da Asociación estrutúrase en tempadas anuais.
- (2) A tempada asociativa comprenderá o período entre o 1 de setembro e o 31 de agosto do ano seguinte.
- (3) A planificación das actividades e a organización interna da Asociación desenvolveranse con referencia á tempada asociativa.

CAPITULO II

DAS PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 6. Condición de persoa asociada

- (1) Terán a condición de persoas asociadas aquelas que, cumprindo os requisitos establecidos nos Estatutos, sexan admitidas pola Asociación.
- (2) A condición de persoa asociada implicará o recoñecemento dos dereitos e o cumprimento dos deberes establecidos nos Estatutos e no presente Regulamento.

Artigo 7. Admisión de novas persoas asociadas

- (1) A admisión de novas persoas asociadas realizarase conforme ao establecido nos Estatutos.
- (2) A Xunta Directiva será o órgano competente para resolver as solicitudes de admisión.

Artigo 8. Períodos de admisión

- (1) A Asociación organizará o proceso de admisión de novas persoas asociadas mediante períodos establecidos para tal fin.
- (2) Con carácter xeral, estableceranse períodos ordinarios de admisión nos meses de xaneiro e setembro.
- (3) Fóra destes períodos, a Xunta Directiva poderá admitir novas persoas asociadas por motivos xustificados establecendo condicións económicas específicas para estas admisións.

Artigo 9. Persoas menores de idade

- (1) As persoas asociadas menores de idade deberán cumprir cos requisitos establecidos nos Estatutos.
- (2) A súa participación nas actividades poderá estar suxeita ás condicións específicas que determine a Xunta Directiva en función da natureza da actividade.

Artigo 10. Baixa da persoa asociada

- (1) A perda da condición de persoa asociada producirase nos supostos previstos nos Estatutos.
- (2) A baixa implicará a perda dos dereitos asociados á condición de persoa asociada desde o momento en que se faga efectiva.
- (3) A perda da condición de persoa asociada implicará a perda da antigüidade acumulada.

Artigo 11. Reincorporación como persoa asociada

- (1) A reincorporación á Asociación deberá realizarse conforme aos períodos de admisión establecidos.
- (2) Co fin de garantir a estabilidade organizativa da Asociación, as persoas que causen baixa non poderán reincorporarse na seguinte convocatoria ordinaria de admisión.

CAPITULO III

CANLES DE COMUNICACIÓN E USO DA IMAXE

Artigo 12. Canles oficiais de comunicación

- (1) A Asociación utilizará como canles oficiais de comunicación o correo electrónico, a páxina web, as redes sociais e calquera outro medio determinado pola Xunta Directiva.
- (2) As comunicacións realizadas a través destas canles terán carácter oficial para todos os efectos.

Artigo 13. Uso dos grupos de mensaxería

- (1) Os grupos oficiais de mensaxería da Asociación terán como finalidade principal a comunicación de información por parte da Xunta Directiva.
- (2) As persoas asociadas deberán facer un uso responsable destes grupos.
- (3) A publicación de mensaxes por parte das persoas asociadas poderá estar suxeita á autorización da Xunta Directiva ou ás normas que esta estableza.
- (4) Non se permitirá o uso dos grupos para fins alleos á Asociación nin para contidos inapropiados.

Artigo 14. Imaxe, denominación e signos distintivos

- (1) A denominación, o logotipo e calquera outro elemento identificativo da Asociación constitúen signos distintivos propios, sendo de titularidade exclusiva da mesma.
- (2) O seu uso quedará reservado ás actividades, comunicacións e actuacións oficiais da Asociación, así como a aqueles supostos expresamente autorizados pola Xunta Directiva.
- (3) Queda prohibido o uso do nome, logotipo ou imaxe da Asociación para fins persoais, comerciais ou alleos á mesma sen autorización expresa da Xunta Directiva.
- (4) Non se permitirá a modificación, alteración ou uso indebido dos elementos identificativos da Asociación.
- (5) As persoas asociadas deberán respectar a imaxe e reputación da Asociación en todos os ámbitos, incluíndo redes sociais e medios dixitais.

Artigo 15. Representación da Asociación

As persoas asociadas representarán á Asociación nas actividades nas que participen en nome da mesma, debendo manter en todo momento un comportamento adecuado que non prexudique a súa imaxe, reputación ou intereses.

CAPITULO IV

REXIME DISCIPLINARIO

Artigo 16. Principios do réxime disciplinario

- (1) O réxime disciplinario da Asociación ten por finalidade garantir o correcto funcionamento da entidade, a convivencia entre as persoas asociadas e o respecto aos seus valores e normas.
- (2) As actuacións disciplinarias rexeranse polos principios de proporcionalidade, audiencia da persoa interesada e motivación das resolucións.
- (3) Só poderán ser sancionadas aquelas condutas tipificadas no presente Regulamento ou aquelas que, de forma motivada, pola súa natureza e efectos, resulten claramente asimilables ás mesmas.

Artigo 17. Responsabilidade disciplinaria

- (1) As persoas asociadas poderán ser sancionadas polas accións ou omisións contrarias aos Estatutos ou ao presente Regulamento.
- (2) A responsabilidade disciplinaria é independente doutras posibles responsabilidades.

Artigo 18. Clasificación das infraccións

As infraccións clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Artigo 19. Infraccións leves

Considéranse infraccións leves, entre outras:

- (a) O incumprimento puntual das normas de funcionamento das actividades.
- (b) A falta de respecto leve cara a outras persoas asociadas ou organizadores.
- (c) O uso inadecuado das canles de comunicación da Asociación.
- (d) A chegada tardía ou incumprimento leve dos compromisos adquiridos nas actividades.

Artigo 20. Infraccións graves

Considéranse infraccións graves, entre outras:

- (a) A reiteración de infraccións leves.
- (b) A falta de asistencia a actividades sen xustificación, cando cause prexuízo organizativo ou económico.
- (c) A desobediencia ás indicacións da Xunta Directiva ou responsables das actividades.
- (d) O comportamento irrespectuoso ou ofensivo cara a outras persoas.
- (e) O uso indebido da imaxe, nome ou medios da Asociación.
- (f) A alteración do normal desenvolvemento das actividades.

Artigo 21. Infraccións moi graves

Considéranse infraccións moi graves, entre outras:

- (a) A reiteración de infraccións graves.
- (b) As condutas que supoñan un prexuízo grave para a Asociación ou a súa imaxe.
- (c) As agresións físicas ou verbais graves.
- (d) Os comportamentos violentos, discriminatorios ou gravemente ofensivos.
- (e) A utilización da Asociación para fins persoais ou lucrativos sen autorización.
- (f) Calquera actuación ou comportamento, aínda realizado fóra do ámbito da Asociación, que poida prexudicar gravemente a súa imaxe, reputación ou funcionamento.

Artigo 22. Sancións

As sancións aplicables, en función da gravidade da infracción, poderán ser:

- (a) Apercibimento ou advertencia.
- (b) Sanción económica.
- (c) Suspensión temporal de dereitos como persoa asociada.
- (d) Prohibición de participación en determinadas actividades.
- (e) Expulsión da Asociación.

Artigo 23. Sancións económicas

(1) As sancións económicas aplicaranse en función da gravidade da infracción, establecéndose os seguintes tramos:

- Infraccións leves: ata 10 €
- Infraccións graves: entre 11 € e 50 €
- Infraccións moi graves: entre 51 € e 100 €

(2) A Xunta Directiva determinará o importe concreto dentro destes límites, atendendo ás circunstancias do caso.

(3) A Xunta Directiva poderá establecer sancións económicas específicas para determinados supostos recorrentes nas actividades da Asociación.

(4) As sancións económicas non terán a consideración de cota e deberán ser aboadas nos termos que determine a Xunta Directiva na súa comunicación.

(5) O impago das sancións económicas poderá dar lugar á adopción de medidas disciplinarias adicionais ou á limitación da participación en actividades ata a súa regularización.

Artigo 24. Graduación das sancións

Para a determinación da sanción teranse en conta:

- (a) A gravidade da infracción.
- (b) A reiteración da conduta.
- (c) O prexuízo causado á Asociación ou a terceiros.
- (d) A actitude da persoa infractora.

Artigo 25. Procedemento disciplinario

(1) A imposición de sancións corresponderá á Xunta Directiva.

(2) Con carácter previo á adopción da sanción, darase audiencia á persoa interesada, que poderá presentar as alegacións que considere oportunas.

(3) A resolución deberá ser motivada e comunicada á persoa afectada polos medios oficiais da Asociación.

Artigo 26. Medidas provisionais

A Xunta Directiva poderá adoptar medidas provisionais, como a suspensión cautelar de participación en actividades, cando a gravidade dos feitos así o aconselle.

Artigo 27. Ratificación e recursos

(1) As sancións de expulsión deberán ser ratificadas pola Asemblea Xeral, conforme ao establecido nos Estatutos.

(2) A persoa asociada poderá solicitar a súa revisión nos termos establecidos pola normativa aplicable.

CAPITULO V

ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN

Artigo 28. Organización das actividades

(1) A Asociación organizará actividades deportivas, sociais, culturais e recreativas conforme aos seus fins.

(2) A planificación, organización e execución das actividades corresponderá á Xunta Directiva, podendo contar coa colaboración de persoas asociadas ou colaboradoras.

(3) As actividades serán comunicadas a través das canles oficiais, indicando as condicións de participación, prazos e, no seu caso, custos.

Artigo 29. Inscripción e participación

(1) A participación nas actividades poderá requirir inscrición previa dentro dos prazos establecidos.

(2) Durante o prazo de inscrición, as persoas asociadas poderán modificar ou cancelar libremente a súa participación.

(3) Unha vez finalizado o prazo de inscrición, a inscrición implicará o compromiso de asistencia.

(4) A Xunta Directiva poderá limitar o número de prazos e establecer criterios de prioridade por motivos organizativos.

Artigo 30. Limitación de prazos e criterios de prioridade

(1) No caso de limitación de prazos, a Xunta Directiva poderá establecer criterios de prioridade.

(2) Estes criterios poderán incluír, entre outros:

(a) Orde de inscrición

(b) Antigüidade na Asociación

(c) Participación ou implicación previa

(d) Outros criterios organizativos

(3) A Xunta Directiva poderá reservar prazos por motivos organizativos ou de interese da Asociación.

Artigo 31. Cancelacións e non asistencia

(1) A non asistencia a unha actividade tras o peche do prazo de inscrición deberá ser comunicada coa maior antelación posible.

(2) A Xunta Directiva valorará cada caso atendendo ás circunstancias.

(3) A non asistencia poderá implicar a obriga de asumir o custo da actividade e, no seu caso, a aplicación do réxime disciplinario.

(4) No caso de non asistencia sen comunicación previa, aplicarase a correspondente sanción disciplinaria, así como a obriga de asumir o custo da actividade.

Artigo 32. Normas nas actividades e participación externa

(1) Durante o desenvolvemento das actividades, as persoas participantes deberán:

(a) Respetar as normas establecidas pola organización

(b) Manter unha actitude deportiva e respectuosa

(c) Seguir as indicacións das persoas responsables

(2) Nas actividades organizadas por outras entidades nas que participe a Asociación, as persoas participantes deberán respectar as normas da entidade organizadora e actuar conforme á imaxe e valores da Asociación.

(3) A Asociación poderá adoptar as medidas necesarias para garantir o correcto desenvolvemento das actividades.

Artigo 33. Participación de persoas non asociadas e acompañantes

(1) A participación de persoas non asociadas poderá ser autorizada pola Xunta Directiva conforme ás condicións establecidas para cada actividade.

(2) As persoas asociadas poderán participar nas actividades acompañadas, nas condicións que se determinen en cada caso.

(3) As persoas non asociadas e acompañantes deberán aboar, como mínimo, o custo da actividade.

(4) De forma excepcional, en actividades de carácter institucional ou organizativo, a Xunta Directiva poderá acordar que a Asociación asuma total ou parcialmente estes custos no caso de autoridades, convidados ou outras persoas de interese.

(5) As persoas non asociadas serán responsables do seu propio comportamento e do cumprimento das normas da actividade.

(6) A persoa asociada será responsable do comportamento dos seus acompañantes.

(7) A Xunta Directiva poderá limitar o número de persoas non asociadas ou acompañantes nas actividades.

Artigo 34. Dereito de exclusión en actividades

(1) A Xunta Directiva poderá limitar ou denegar a participación en actividades, tanto a persoas asociadas como a persoas non asociadas ou acompañantes, cando existan motivos xustificadas.

(2) Entre outros, poderán considerarse motivos xustificadas:

(a) O incumprimento reiterado das normas da Asociación ou das actividades

(b) A existencia de sancións previas ou comportamento inadecuado

(c) A alteración do normal desenvolvemento das actividades

(d) A existencia de débedas ou situacións administrativas irregulares conforme aos Estatutos

(e) Calquera outra circunstancia que, de forma motivada, poida prexudicar á organización ou á convivencia

(3) Esta medida terá carácter puntual e limitada á actividade concreta.

(4) A decisión será adoptada pola Xunta Directiva e comunicada polos medios oficiais da Asociación.

CAPITULO VI

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 35. Principios xerais

- (1) O réxime económico da Asociación rexerase polo establecido nos Estatutos e pola normativa vixente aplicable ás entidades sen ánimo de lucro.
- (2) Os recursos económicos da Asociación destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins.

Artigo 36. Cotas da Asociación

- (1) As persoas asociadas deberán aboar as cotas establecidas pola Asociación, que terán carácter periódico.
- (2) As cotas ordinarias e extraordinarias serán fixadas pola Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva, de conformidade cos Estatutos.
- (3) No caso de que a proposta de modificación das cotas non sexa aprobada pola Asemblea Xeral, manteranse as cotas vixentes ata a adopción dun novo acordo.

Artigo 37. Sistema de cobro de cotas e actividades

- (1) As cotas da Asociación terán carácter periódico e serán aboadas de forma bimensual.
- (2) O cobro das cotas realizarase mediante domiciliación bancaria, incluíndo no mesmo recibo:
 - (a) As cotas correspondentes ao período bimensual.
 - (b) Os importes derivados da participación nas actividades realizadas durante dito período bimensual.
- (3) Con carácter xeral, os recibos serán xirados o primeiro venres do mes seguinte ao período correspondente.
- (4) No caso de que o primeiro venres coincida co día 1 do mes, o cobro poderá realizarse o seguinte venres.
- (5) A Xunta Directiva poderá adaptar o calendario de cobros por motivos organizativos ou técnicos, garantindo en todo caso a correcta información ás persoas asociadas.

Artigo 38. Xestión de recibos

- (1) A Asociación poderá comunicar previamente ás persoas asociadas o envío dos recibos correspondentes.
- (2) As persoas asociadas deberán garantir a dispoñibilidade de fondos suficientes para o cobro dos recibos.

Artigo 39. Devolución de recibos

- (1) No caso de devolución dun recibo, a persoa asociada deberá aboar o importe pendente xunto cos gastos derivados da devolución.
- (2) A situación derivada da devolución de recibos rexeráse conforme ao establecido nos Estatutos, especialmente no relativo á suspensión de dereitos e procedemento de baixa.

Artigo 40. Pagamento de actividades

- (1) As actividades organizadas pola Asociación poderán ter un custo económico, que será determinado en cada caso.
- (2) A participación nas actividades poderá estar condicionada a estar ao día no pagamento das cotas e demais obrigas económicas coa Asociación

Artigo 41. Condicións económicas das actividades

- (1) A Xunta Directiva poderá establecer prezos diferenciados para persoas asociadas (de número, colaborador e honra) , non asociadas ou acompañantes.
- (2) Así mesmo, poderá determinar subvencións ou condicións especiais en función das características da actividade.

CAPITULO VII *EQUIPAMENTO DEPORTIVO*

Artigo 42. Equipamento da Asociación e xestión

- (1) A Asociación poderá dispoñer de equipamento deportivo ou material destinado ao desenvolvemento das súas actividades.
- (2) O equipamento será xestionado pola Xunta Directiva, que establecerá as condicións para a súa entrega, uso e devolución.
- (3) A Xunta Directiva poderá asignar equipamento ás persoas asociadas para o desenvolvemento das actividades propias da Asociación.

Artigo 43. Rexistro e control do equipamento

- (1) Toda entrega de equipamento poderá ser rexistrada, indicando, cando proceda, a persoa destinataria, o tipo de material e a data de entrega.
- (2) A Xunta Directiva poderá establecer sistemas de control e seguimento do equipamento.

Artigo 44. Uso do equipamento

- (1) O equipamento deportivo deberá ser utilizado exclusivamente para actividades relacionadas coa Asociación.
- (2) Queda prohibido o seu uso para fins persoais ou alleos á actividade asociativa sen autorización expresa da Xunta Directiva.
- (3) As persoas asociadas deberán facer un uso adecuado e responsable do equipamento.

Artigo 45. Devolución do equipamento

- (1) O equipamento deberá ser devolto no prazo establecido pola Xunta Directiva ou, no seu defecto, unha vez finalizada a actividade para a que foi entregado.
- (2) A Xunta Directiva poderá establecer prazos concretos de devolución en función do tipo de material ou actividade.

Artigo 46. Responsabilidade e danos

- (1) A persoa asociada será responsable da conservación do equipamento recibido.
- (2) En caso de perda, extravío ou deterioro por uso indebido, poderá esixirse a reparación, reposición ou aboamento do valor do material, mesmo cando non sexa posible a súa substitución.
- (3) A Xunta Directiva poderá establecer importes orientativos de compensación económica.

Artigo 47. Incumprimentos

- (1) O incumprimento das obrigas relativas ao uso e devolución do equipamento poderá dar lugar á aplicación do réxime disciplinario.
- (2) A Xunta Directiva poderá adoptar medidas adicionais para garantir a recuperación do equipamento ou a compensación dos danos causados.

CAPITULO VIII *RECOÑECEMENTOS*

Artigo 48. Principios xerais dos recoñecementos

- (1) A Asociación poderá outorgar recoñecementos ás persoas asociadas en atención á súa traxectoria, méritos ou participación nas actividades.
- (2) Estes recoñecementos terán carácter honorífico e non implicarán dereitos económicos.

Artigo 49. Tipos de recoñecementos

A Asociación poderá conceder, entre outros, os seguintes recoñecementos:

- (a) Insignias por antigüidade.
- (b) Recoñecementos por logros deportivos ou arbitrais.
- (c) Premios en competicións ou actividades organizadas pola Asociación.
- (d) Calquera outro recoñecemento que a Xunta Directiva considere oportuno.

Artigo 50. Insignias por antigüidade

(1) A Asociación poderá recoñecer a permanencia continuada das persoas asociadas mediante a entrega de insignias ou distincións.

(2) En particular:

- Insignia de prata: para persoas asociadas cunha antigüidade continuada de 10 anos.
- Insignia de ouro: para persoas asociadas cunha antigüidade continuada de 20 anos.

Artigo 51. Recoñecementos deportivos e arbitrais

(1) A Asociación poderá recoñecer os méritos deportivos ou arbitrais das persoas asociadas, especialmente en caso de ascensos ou logros relevantes.

(2) En particular, poderán ser obxecto de recoñecemento os ascensos a categorías autonómicas relevantes, categorías específicas de asistente ou categorías superiores.

(3) A natureza e características do recoñecemento serán determinadas pola Xunta Directiva.

Artigo 52. Outros recoñecementos

A Xunta Directiva poderá establecer outros premios ou distincións en función das actividades organizadas pola Asociación ou das circunstancias que se consideren oportunas.

Artigo 53. Entrega dos recoñecementos

(1) Todos os recoñecementos concedidos pola Asociación serán entregados no marco de actos oficiais organizados pola mesma.

(2) A Xunta Directiva determinará o acto, momento e forma de entrega, atendendo á natureza do recoñecemento e á organización das actividades da Asociación.

Artigo 54. Mostras de condolencia e respecto institucional

(1) En caso de falecemento dunha persoa asociada, a Asociación poderá acordar a realización dunha mostra de condolencia ou homenaxe institucional.

- (2) Así mesmo, en caso de falecemento do cónxuxe ou parella, fillos/as, proxenitores ou irmáns/irmás dunha persoa asociada, a Asociación poderá expresar oficialmente a súa condolencia.
- (3) Estas actuacións realizaranse sempre que a Asociación teña coñecemento do falecemento e na medida en que sexa posible.
- (4) Con carácter xeral, estas mostras materializaranse mediante o envío dun ramo de flores, coroa ou outro detalle similar.
- (5) A Xunta Directiva determinará en cada caso a forma concreta da actuación.

CAPITULO IX

ASEMBLEAS XERAIS

Artigo 55. Delegación de voto

- (1) As persoas asociadas con dereito a voto poderán delegar o seu voto noutra persoa asociada.
- (2) A delegación deberá formalizarse obrigatoriamente mediante o modelo oficial aprobado pola Asociación.
- (3) A delegación poderá presentarse:
 - (a) Por correo electrónico ao enderezo oficial da Asociación.
 - (b) Mediante entrega á persoa que ostente a Secretaría.
- (4) O prazo límite para a presentación das delegacións será de vinte e catro (24) horas antes da celebración da Asemblea Xeral.
- (5) Non se admitirán delegacións presentadas fóra de prazo nin o mesmo día da Asemblea.
- (6) Corresponde á Secretaría verificar a validez das delegacións con carácter previo ao inicio da Asemblea, podendo requirir a súa subsanación cando presenten defectos formais dentro do prazo establecido.
- (7) En caso de duplicidade ou conflito entre delegacións, considerarase válida a última presentada dentro de prazo.
- (8) As delegacións válidas computarán para os efectos de quórum e votación.
- (9) Non existirá limitación no número de votos que unha persoa asociada poida representar mediante delegación.

CAPITULO X

PROCEDIMENTO ELECTORAL

Artigo 56. Inicio do proceso electoral

- (1) O proceso electoral para a elección da persoa que ostente a Presidencia iniciárase mediante comunicación ás persoas asociadas a través dos medios oficiais da Asociación.
- (2) Na dita comunicación abrírase o prazo para a presentación de candidaturas, que non será inferior a dez (10) días naturais.
- (3) Finalizado o prazo de presentación, procederase á validación e proclamación das candidaturas conforme ao establecido no presente Regulamento.

Artigo 57. Presentación de candidaturas

- (1) As candidaturas deberán presentarse dentro do prazo establecido mediante correo electrónico ao enderezo oficial da Asociación.
- (2) Non se admitirán candidaturas presentadas fóra de prazo nin por medios distintos aos establecidos.

Artigo 58. Contido das candidaturas

- (1) As candidaturas á Presidencia deberán incluír, como mínimo:
 - (a) Nome e apelidos da persoa candidata.
 - (b) Declaración expresa de aceptación da candidatura.
 - (c) Manifestación de cumprimento dos requisitos establecidos para ser elixible.
- (2) Así mesmo, poderán incluír:
 - (a) Proposta de composición da Xunta Directiva.
 - (b) Liñas básicas de actuación ou programa.

Artigo 59. Requisitos das candidaturas

- (1) Poderán presentar candidatura á Presidencia as persoas asociadas que reúnan os seguintes requisitos:
 - (a) Ser socio/a de número con dereito a voto.
 - (b) Ser maior de idade e contar con plena capacidade de obrar.
 - (c) Estar ao día no cumprimento das obrigas económicas e demais obrigas como persoa asociada.
 - (d) Non estar suxeito/a a sanción disciplinaria en vigor.
 - (e) Contar cunha antigüidade mínima de tres (3) anos como persoa asociada na data de presentación da candidatura.
- (2) Os requisitos establecidos deberán cumprirse tanto no momento da presentación da candidatura como no momento da votación.

Artigo 60. Validación e proclamación de candidaturas

- (1) Corresponde á Secretaría verificar o cumprimento dos requisitos das candidaturas presentadas.
- (2) No caso de que se detecten defectos formais na candidatura, a Secretaría poderá requirir á persoa candidata a súa subsanación dentro do prazo establecido.
- (3) Finalizado o proceso de revisión, a Xunta Directiva validará as candidaturas que cumpran os requisitos establecidos.
- (4) A Xunta Directiva procederá á proclamación das candidaturas admitidas.
- (5) A relación definitiva de candidaturas será comunicada ás persoas asociadas polos medios oficiais da Asociación.

Artigo 61. Convocatoria da Asemblea electoral

- (1) Unha vez proclamadas as candidaturas, a Xunta Directiva convocará a Asemblea Xeral na que terá lugar a elección da Presidencia.
- (2) A convocatoria realizarase cunha antelación mínima de quince (15) días naturais, de conformidade cos Estatutos e incluírá a relación definitiva de candidaturas proclamadas.

Artigo 62. Sistema de votación

- (1) A elección da persoa que ostente a Presidencia realizarase mediante votación directa na Asemblea Xeral.
- (2) Será necesaria maioría absoluta dos votos validamente emitidos polas persoas asociadas presentes ou representadas con dereito a voto para resultar elixido/a.
- (3) No caso de existiren dúas ou máis candidaturas, poderá realizarse unha segunda votación entre as dúas candidaturas máis votadas, sendo igualmente necesaria maioría absoluta dos votos validamente emitidos polas persoas asociadas presentes ou representadas con dereito a voto.
- (4) No caso de existir unha única candidatura, esta resultará elixida se obtén a maioría absoluta dos votos validamente emitidos polas persoas asociadas presentes ou representadas con dereito a voto.
- (5) A estes efectos, entenderase por votos validamente emitidos aqueles que sexan favorables ou contrarios, excluíndose os votos en branco, as abstencións e os votos nulos.
- (6) Se, tras as votacións realizadas, ningunha candidatura acada a maioría absoluta exixida, entenderase que non existe candidatura elixida, sendo de aplicación o previsto no artigo seguinte.

Artigo 63. Suposto de ausencia de candidaturas ou de candidatura non elixida

- (1) No caso de non presentarse candidaturas válidas dentro do prazo establecido, ou de non resultar elixida ningunha candidatura na votación correspondente, a Xunta Directiva en funcións continuará no exercicio das súas funcións.
- (2) Nesta situación, a Xunta Directiva deberá convocar un novo proceso electoral no prazo máximo de tres (3) meses.
- (3) Durante este período, a Xunta Directiva continuará coa xestión ordinaria da Asociación, garantindo o desenvolvemento normal das actividades e o cumprimento dos seus fins.

Artigo 64. Nomeamento e constitución da Xunta Directiva

- (1) A persoa elixida como Presidente/a designará ao resto dos membros da Xunta Directiva conforme ao establecido nos Estatutos.
- (2) As persoas designadas deberán reunir os requisitos establecidos na normativa vixente e nos Estatutos da Asociación.
- (3) A Xunta Directiva quedará validamente constituída coa aceptación dos cargos por parte das persoas designadas.
- (4) A designación dos membros da Xunta Directiva deberá formalizarse documentalmente, facendo constar a data da súa designación.
- (5) A composición da nova Xunta Directiva será comunicada ás persoas asociadas polos medios oficiais da Asociación no menor prazo posible.

Artigo 65. Transición e entrega de responsabilidades

- (1) A Xunta Directiva saínte terá a obriga de colaborar activamente no proceso de transición, facilitando o traspaso de funcións á nova Xunta Directiva.
- (2) Para estes efectos, deberá poñer á disposición da nova Xunta Directiva toda a documentación, información e medios necesarios para o exercicio das súas funcións, incluíndo, entre outros:
 - (a) Documentación administrativa e contable.
 - (b) Libros oficiais da Asociación.
 - (c) Actas, certificacións e demais documentación necesaria para os trámites administrativos e rexistrals.
 - (d) Accesos a contas bancarias, ferramentas dixitais e canles de comunicación.
 - (e) Calquera outro recurso necesario para a xestión ordinaria da Asociación.
- (3) A entrega deberá realizarse no prazo máis breve posible e, en todo caso, dentro dos quince (15) días naturais seguintes á constitución da nova Xunta Directiva.
- (4) A Xunta Directiva saínte deberá prestar a colaboración necesaria para a realización dos trámites administrativos, rexistrals e bancarios derivados do cambio de cargos.

DILIXENCIA FINAL

D. Antonio Domínguez González e D. Javier Figueiredo Comesaña, Presidente e Secretario respectivamente da Asociación Peña AR-VI de Árbitros de Fútbol de Vigo,

FAN CONSTAR:

Que o presente Regulamento de Réxime Interno contén o texto íntegro da norma regulamentaria da entidade, reflectindo fielmente e quedando redactado conforme á aprobación unánime realizada pola Asemblea Xeral celebrada en data 21 de maio de 2026.

En Vigo, a 28 de maio de 2026

A handwritten signature in black ink, consisting of a stylized oval shape with a horizontal line through it, and the word "Antonio" written across the middle.

Asdo: _____

D. Antonio Domínguez González
(Presidente)

Asdo: _____

D. Javier Figueiredo Comesaña
(Secretario)